

CTO. GALEGO DE NATACIÓN MÁSTER DE INVERNO

XUNTA DE GALICIA

Tempada 2025/26. Circular 25-32.

1. Organización, datas e sedes

1. O campionato celebrarase a nivel territorial en dúas xornadas con sesións continuas en ambas as xornadas.
2. As datas e sede serán as establecidas no calendario de natación máster para a presente tempada.
3. Ambas xornadas darán comezo ás 10:00 horas, podendo ser modificada a hora de inicio en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes 1 hora e 15 minutos antes do comezo de cada sesión. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.
5. Poderá haber un quecemento de 30 minutos durante o desenvolvemento de cada xornada cando a piscina na que se celebra a competición dispoña dun único vaso. Este faríase en función do horario de probas.

2. Programa de probas

XORNADA 1. SÁBADO	XORNADA 2. DOMINGO
1- 4x50 estilos mixto	20. 4x50 libre mixto
2. 100 estilos feminino*	21. 400 estilos feminino
3. 100 estilos masculino*	22. 400 estilos masculino
4. 200 braza feminino	23. 100 libre feminino
5. 200 braza masculino	24. 100 libre masculino
6. 100 bolboreta feminino	25. 200 bolboreta feminino
7. 100 bolboreta masculino	26. 200 bolboreta masculino
8. 100 costas feminino	27. 50 costas feminino
9. 100 costas masculino	28. 50 costas masculino
10. 50 libre feminino	29. 100 braza feminino
11. 50 libre masculino	30. 100 braza masculino
12. 200 estilos feminino	31. 200 libre feminino
13. 200 estilos masculino	32. 200 libre masculino
14. 50 braza feminino	33. 50 bolboreta feminino
15. 50 braza masculino	34. 50 bolboreta masculino
Descanso de 10'	35. 200 costas feminino
16. 4x50 libre feminino	36. 200 costas masculino

17. 4x50 libre masculino 18. 400 libre feminino 19. 400 libre masculino	Descanso de 10' 37. 4x50 estilos feminino 38. 4x50 estilos masculino
---	--

* Só se o Campionato celébrase en piscina de 25 metros

3. Participación

1. A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+. de 20-24 anos (nacidos anos 2006-2002)	65+. de 65-69 anos (nacidos anos 1961-1957)
25+. de 25-29 anos (nacidos anos 2001-1997)	70+. de 70-74 anos (nacidos anos 1956-1952)
30+. de 30-34 anos (nacidos anos 1996-1992)	75+. de 75-79 anos (nacidos anos 1951-1947)
35+. de 35-39 anos (nacidos anos 1991-1987)	80+. de 80-84 anos (nacidos anos 1946-1942)
40+. de 40-44 anos (nacidos anos 1986-1982)	85+. de 85-89 anos (nacidos anos 1941-1937)
45+. de 45-49 anos (nacidos anos 1981-1977)	90+. de 90-94 anos (nacidos anos 1936-1932)
50+. de 50-54 anos (nacidos anos 1976-1972)	95+. de 95-99 anos (nacidos anos 1931-1927)
55+. de 55-59 anos (nacidos anos 1971-1967)	100+. de 100 anos e máis (nacidos 1926 e anteriores)
60+. de 60-64 anos (nacidos anos 1966-1962)	

A idade entenderase cumprida ao 31 de decembro do segundo ano da tempada en vigor.

2. Nas probas de remudas, haberá 8 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

+80 (PREMASTER): Más de 80 anos (80-99)	+200: máis de 200 anos (200-239)
+100: máis de 100 anos (100-119)	+240: máis de 240 anos (240-279)
+120: máis de 120 anos (120-159)	+280: máis de 280 anos (280-319)
+160: máis de 160 anos (160-199)	+320: máis de 320 anos

3. Os nadadores de categoría PREMASTER (+20), SÓ poderán participar nas remudas da categoría PREMASTER (80-99) anos. Os restantes nadadores poderán intervir en TODAS as categorías, incluída a PREMASTER.

4. A participación está aberta a todos os nadadores maiores de 20 anos en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

5. Cada nadador poderá participar, como máximo, en 4 probas individuais, podendo nadar como máximo 2 probas individuais por xornada e todas as probas das remudas.

6. Non existe limitación en canto ó número de nadadores por club e proba.

7. Cada club poderá inscribir un só equipo de remudas por categoría. Nas probas de remudas mixtas os equipos estarán formados por 2 homes e 2 mulleres.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través do FEDERATIO e a acta de preinscrición que o propio programa xera, será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.
2. As inscricións das remudas faranse coas inscricións individuais SEN compoñentes. Unha vez publicados os informes e as series, abrirase un prazo de 2 días para a inscrición da composición das remudas, que se realizará cubrindo o formulario web habilitado no apartado do campionato.
3. Poderanse facer modificacións na composición de remudas ata 60 minutos antes do comezo de cada sesión, (compoñentes ou variación da orde de participación) á composición previamente enviada, pero non se poderán facer cambios de categoría.
4. As inscricións deberán estar en poder da FEGAN antes das 23:59 horas do xoves da semana previa á competición (10 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.
5. Os deportistas deberán ser inscritos con marcas acreditadas desde o 1 de setembro de 2023, non aceptándose inscricións sen marca.
6. As baixas poderán comunicarse ata 60 minutos antes do comezo da competición, non se admitirán altas nin cambios.

5. Fórmula de competición

1. Disputaranse todas as probas contra reloxo.
2. As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categorías.
3. Puntuación:
 - a) A puntuación nas probas individuais será: 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1.
 - b) A puntuación nas probas de remudas será: 26, 20, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.
4. Só puntuarán os dous primeiros clasificados na proba individual de cada club e categoría. Os clasificados posteriormente non serán puntuados, outorgándolle a puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.
5. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán unha

puntuación extra que se indica a continuación:

- a) Récord Gallego: 2 puntos
- b) Récord de España: 4 puntos

Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

6. Clasificacións

1- Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos conseguidos nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos conseguidos nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina, feminina e os puntos das probas mixtas.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e categoría masculina e feminina.
2. Para a entrega das medallas, situarase unha ou dúas mesas (categoría masculina e feminina) nas que, previa identificación, entregaranse a medida que se confeccionen os resultados, sen parar a competición.
3. Trofeos aos participantes de máis idade na categoría masculina e feminina.
4. Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

A Coruña, xullo de 2025.